

ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS CELEBRADA O 1 DE FEBREIRO DE 2016.

Na sala de Xunta da Casa do Concello de Monforte de Lemos, sendo as 13:30 horas do día 1 de febreiro de 2016, reúnese, habendo sido debidamente convocados ao efecto, os seguintes membros que conforman a Mesa de Contratación.-

Presidente da Mesa:D. José Tomé Roca (Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Monforte de Lemos).

Vogais: D^a. M^a. Pilar Espinosa Nouvelle (Concelleira de Tráfico e Medio Rural) en substitución de José Luis Losada Fernández (Concelleiro de Medio Rural e Servizos).

D^a. Marina M^a. Doutón Rajo (Concelleira de Cultura e Ensino) en substitución de D^a.

Gloria M^a Prada Rodríguez (Concelleira de Facenda e Réxime Interior)

D^a. María Fe González Marquina (Interventora Xeral).

D. José M^a Baños Campo (Secretario Xeral).

D. Juan Carlos Prado Díaz (Técnico Municipal de Medio Ambiente).

Secretario:D. José M^a Valcarce Rodríguez (Técnico municipal de contratación).

Non asiste.-D. Ibán Torres Rodríguez (Concelleiro Delegado de Medio Ambiente).

Comprobada a existencia do preceptivo quórum, pola presidencia declárase perfectamente constituída a Mesa e cumpridas as formalidade esixidas polo RD. Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP), pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, polo RD. 817/2009, de 8 de maio, e polo RD 1098/2001, de 19 de outubro, procedese ao estudo e debate dos asuntos comprendidos na orde do día da convocatoria da sesión, a saber.-

*1. – Dación de contas, en acto público, do informe do técnico municipal de medio ambiente de avaliación do contido dos sobres nº2 “Documentación Técnica” e apertura, en acto público, dos sobres nº 3 “Oferta Económica” dos licitadores concorrentes no procedemento para a contratación do **SERVIZO DE RECOLLIDA E CUSTODIA DE ANIMAIS DOMÉSTICOS ABANDONADOS DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS (EXP.009-SERV15-ter).***

Polo Secretario da Mesa procédese a lectura da cláusula 15.1 das do prego de cláusulas administrativas particulares e que fai referencia ao contido dos sobres nº 2.

A continuación se da conta, en acto público, do informe de valoración da “Documentación Técnica” das proposicións presentadas e admitidas o citado procedemento, elaborado polo Técnico municipal de Medio Ambiente, con data 26.01.2016, obrante no expediente, e cuxo teor literal é o seguinte.-

“ASUNTO: INFORME SOBRE AS OFERTAS PRESENTADAS PARA O CONCURSO DO SERVICIO DE RECOLLIDA E CUSTODIA DE ANIMAIS DOMÉSTICOS ABANDONADOS DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.

1.-EMPRESAS E OFERTAS PRESENTADAS.

En total concorreron ao concurso do servizo de recollida e custodia de animais domésticos abandonados do Concello de Monforte de Lemos un total de dúas empresas.



Seguindo a orde na que tivo lugar a presentación e apertura de proposicións, as ofertas son as seguintes:

1. ALBERGUE " O CUCO "

2. CENTRO DE RECOGIDA SEBASTIÁN ESTÉVEZ.

2.-CRITERIO DE VALORACIÓN DAS OFERTAS.

Os apartados de valoración que se propoñen son:

a. Estrutura organizativa do servizo, con expresión detallada dos labores a realizar, tempos de resposta, o programa de traballo, destino ou tratamento de cadáveres...

b. Medidas de protección ambiental.

c. Propostas de resolución de problemas en situacións de incerteza ou extrema dificultade.

d. Medidas de benestar animal.

3.- VALORACIÓN DAS OFERTAS.

Proxecto integral de organización e prestación do servizo de recollida no que se deba incluír os seguintes extremos:

3.1 A estrutura organizativa do servizo, con expresión detallada dos labores a realizar, tempos de resposta, o programa de traballo, coordinación cos servizos técnicos do Concello de Monforte de Lemos, destino ou tratamento de cadáveres.....total de 10 puntos.

- Albergue " O Cuco ".- O servizo prestado será de forma continua durante 8 horas de luns a venres. Fóra deste horario só se atenderá se se considera de carácter urxente.

O tempo de resposta á chamada por parte do Concello será de: - 24 horas o menos, en caso ordinario.

- 2 horas, en caso urxente.

Os animais abandonados e retirados e que non teñan dono, unha vez transcorrido o prazo legal para a súa recuperación, poderán ser sacrificados ou dados en adopción.

-Centro de recogida Sebastián Estévez.- O servizo prestado será de forma continua de luns a domingo.

O tempo de resposta á chamada por parte do concello será de: - 24 horas o menos, en caso ordinario.

- 1,30 horas y 3 horas, en caso urxente.

Os animais abandonados e retirados e que non teñan dono, unha vez transcorrido o prazo legal para a súa recuperación, poderán ser sacrificados ou dados en adopción.

3.2.- Medidas de protección ambientaltotal de 10 puntos .

- Albergue " O Cuco ".- Os criterios ambientais que van aplicar desde que o animal é recollido, ata a súa adopción ou sacrificado en casos extremos, como tratamento de residuos cumpren coa normativa.

- Centro de recogida Sebastián Estévez.- Os criterios ambientais que van aplicar desde que o animal é recollido, ata a súa adopción ou sacrificado en casos extremos, como tratamento de residuos cumpren coa normativa.

3.3.- Propostas de resolución de problemas en situacións de incerteza ou extrema dificultade.....total de 10 puntos.



Albergue " O Cuco " e Centro de recogida Sebastián Estévez, a reacción a una urxencia e modo de actuación é a mesma.

3.4.- Medidas de bienestar animal total de 10 puntos.

Albergue " O Cuco " .- Contan cunhas instalacións para una cabida de 350 cans, unhas zonas onde o animal esta en corentena, zona illada para cans perigosos, cunha zona de cachorros illada, tres para cadelas paridas, un almacén, unha clínica, oficina e 3000 metros cadrados de patio exterior .

Centro de recogida Sebastián Estévez .- Conta cunha instalación para una cabida de 300 cans, , zona de illamento, unhas oficinas y zona de recepción.

4.-A PUNTUACIÓN OBTIDA POR CADA UN DOS LICITADORES.

Puntuación obtida por cada un dos licitadores resúmese no seguinte cadro:

CRITERIO	Albergue " O Cuco "	Centro de recogida Sebastián Estévez
3.1.	9	10
3.2.	10	10
3.3.	10	10
3.4.	10	8
TOTAL	39	38

(...)"

En virtude do exposto, os membros da Mesa de Contratación **acordan**, por unanimidade, asumir, na súa integridade, o contido do informe do Técnico municipal de Medio Ambiente e continuar co procedemento.

Acto seguido, pola Mesa de Contratación se procede, ao acto público de apertura dos Sobres nº 3 "Oferta Económica" dos dous licitadores admitidos no procedemento.


Dito acto comeza coa lectura, polo Secretario da Mesa, da cláusula 15.2 das do prego de cláusulas administrativas particulares recordando que o orzamento base de licitación ascende o importe de 7.260,00.-€ (IVE incluído).

Trala lectura, se procede apertura dos sobres nº3 dos licitadores co seguinte resultado final.-

Licitador	Prezo (por 1 ano de execución do contrato).	IVE (21%)	Total
D ^a . M ^a Ángeles Parada Suárez (Albergue "O Cuco")	6.000,00.-€	1.260,00.-€	7.260,00.-€
D. Sebastián Estévez Alonso.	6.000,00.-€	1.260,00.-€	7.260,00.-€

Á vista do resultado obtido dos sobres nº 3, os membros da Mesa de Contratación **acordan**, por unanimidade, outorgarlle **60 puntos** a cada un dos licitadores.

De seguido, a Mesa de Contratación procede á puntuación final dos licitadores e a súa ponderación segundo os criterios de adjudicación recollidos no prego de cláusulas administrativas particulares co seguinte resultado final.-



Licitador	Sobre nº 2 “Documentación técnica”	Sobre nº 3 “Oferta Económica”	Puntuación Total
D ^a . M ^a Ángeles Parada Suárez (Albergue “O Cuco”).	39 pts.	60 pts.	99 pts.
D. Sebastián Estévez Alonso.	38 pts.	60 pts.	98 pts.

Por canto antecede, os membros presentes da Mesa de Contratación acordan, por unanimidade, propoñer á **D^a. M^a Ángeles Parada Suárez (Albergue “O Cuco”)**, como adxudicataria do presente procedemento, segundo o establecido na cláusula 17^a das do prego de cláusulas administrativas particulares, por ser a mellor oferta das concorrentes.

*2.- Dación de contas, en acto publico, do informe da axente de desenvolvemento local de avaliación do contido dos sobres B “Documentación Técnica” e apertura, en acto público, dos sobres C “Proposición Económica” dos licitadores concorrentes no procedemento para a contratación do **SERVIZO DE EXPLOTACIÓN DO ESPAZO GASTRONÓMICO “A PICOTA” DA PRAZA DE ABASTOS DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS (EXP. 011-SERV15-ter-)**.*

Neste punto da orde do día, abandona a Mesa de Contratación o técnico municipal de medio ambiente e se incorpora a mesma M^a. Trinidad López Pérez, Axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Monforte de Lemos.

Polo Secretario da Mesa procédese a lectura da cláusula 12.1 das do prego de cláusulas administrativas particulares e que fai referencia ao contido dos Sobres B.

A continuación se da conta, en acto público, do informe de valoración da “Documentación Técnica” da única proposición presentada e admitida o citado procedemento, elaborado pola Axente de Desenvolvemento Local con data 27.01.2016, obrante no expediente, e cuxo teor literal é o seguinte.-

“INFORME TÉCNICO REFERENTE AO PROCEDEMENTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO E EXPLOTACIÓN DO ESPAZO GASTRONÓMICO “A PICOTA” DA PRAZA DE ABASTOS DO CONCELLO DE MONFORTE.

Nº EXPEDIENTE: (EXP.011-SERV15-ter)

LICITADORA: CARMEN MARTÍN JIMÉNEZ


OBXETO DO CONTRATO: *Servizo de explotación do Espazo Gastronómico “A Picota” da Praza de Abastos do Concello de Monforte de Lemos, así como o encargo preferente dos servizos de catering que se vaian contratar polo Concello para os actos organizados por este.*

ORZAMENTO: 6.600,00.-€/ano (IVE excluído)

M^a Trinidad López Pérez, axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Monforte de Lemos, en relación ao asunto INFORMA:

ANTECEDENTES:

Con data 21 de decembro de 2015, iniciase o expediente de licitación do procedemento aberto para a



adjudicación do contrato do Servizo de Explotación do Espazo Gastronómico "A Picota" da Praza de Abastos do Concello de Monforte de Lemos, cun prazo de duración de 2 anos, con admisión de prórrogas, ata un máximo de 4 anos. Esixindo a subscripción polo licitador dun contrato de seguros que cubra a responsabilidade locativa, así como a Responsabilidade Civil que cubra as continxencias que podan sufrir os usuarios da actividade por un importe non inferior a 300.000,00.-euros.

Publicada a licitación do expediente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 300 de 31 de decembro de 2015. A Mesa de Contratación, con data 22 de xaneiro de 2016, procede a apertura dos sobres A "Documentación previa" e sobres B "Documentación Técnica" dos licitadores concorrentes neste procedemento.

2. RELACIÓN DAS EMPRESAS LICITADORAS:

1. EMPRESA CARMEN MARTÍN JIMÉNEZ

3. BAREMACIÓN DA ÚNICA OFERTA PRESENTADA E CRITERIOS PARA A ADJUDICACIÓN

CRITERIOS DEPENDENTES DUN XUÍZO DE VALOR.

Segundo os criterios sinalados na cláusula 12.1.- do prego de cláusulas administrativas, recóllese a valoración da mellor adecuación da Memoria de explotación ás finalidades do contrato, debendo axustar o seu contido ás características e os estándares mínimos recollidos na cláusula 2 do prego de condicións técnicas (40 puntos).

A empresa Carmen Martín Jiménez presenta na documentación técnica "Memoria de explotación", có tamaño acorde ao disposto na cláusula 11ª do prego de cláusulas administrativas.

Nesta memoria, contéplase os seguintes aspectos recollidos na cláusula 2 do prego de condicións técnicas, recolle a programación de explotación, indica unha planificación xeral da organización dos servizos a prestar, cunha proposta de funcionamento "organizada en catro tempos que serán: desayunos y meriendas, aperitivos y tapas de medio día, menú de medio día y carta de cena".

Programación de eventos, medios de xestión e promoción do establecemento "Adicionalmente he pensado en realizar actividades alternativas que faciliten la promoción social del Espazo en la zona, en colaboración con el Ayuntamiento y el Mercado de Abastos:

- Contacto con bodegas de la zona, oferta de vinos de la tierra, jornadas de cata de vinos para dar a conocer las novedades que ofrezcan las bodegas de la Ribeira Sacra.
- Dar a conocer las cervezas artesanales gallegas, catas de este producto
- Organizar talleres, cursos gastronómicos para niños y adultos.
- Cenas temáticas.
- Participar en preparación de caterings para los eventos que se puedan organizar en el municipio".

Tipo de cociña a preparar: " ofrecer una variedad de tapas que fusionen la cocina tradicional y la moderna gallega, que sea original, con una cuidada presentación, y a veces inspirada también en la cocina internacional, y tapas clásicas". "Ofrecerá bollería y bocadillos con diferentes panes, intentando marcar la diferencia y ampliar la oferta con los establecimientos cercanos"

A oferta de tapas presentada e racións é dun mínimo de 12, cumprindo o obxectivo dun mínimo de 10, engandindo o denominado produto Km 0 ou de proximidade, garantindo a calidade e versatilidade, fusión da cociña galega tradicional e a moderna. Presenta na memoria unha ampla variedade de aperitivos e tapas, diferenciando o mediodía e a cena con menús diferentes e variando segundo a temporada.

Detállase nesta memoria a oferta gastronómica típica da Ribeira Sacra, tendo en conta a estacionalidade e a variedade e a calidade de presentación.

O horario proposto está ben detallado e corresponde có proposto no prego dun mínimo de 40 horas



semanais, así como cumprir coa puntualidade.

O equipo de persoal, levará todo uniforme de traballo, e estaría composto por:

- *a promotora responsable da cociña e xerente do establecemento, con formación e experiencia na hostelería.*
- *un traballador/a especialista de sala, coñecedor de adegas e caldos da Ribeira Sacra, coñecementos de coctelería con don de xentes e amable.*
- *un traballador con funcións polivalente: axudante de cociña e axudante de sala, según as necesidades.*

Na memoria de explotación da empresa non fai mención a posesión do carné de manipulador de alimentos da persoa encargada da elaboración das comidas, en todo o caso, será requisito necesario. Comprometese a limpeza, a conservación do local en perfectas condicións e a seguir as normas de seguridade establecidas, segundo o detallado no prego, así como a contratar o seguro de responsabilidade civil requerido.

A proposta de mellora, está enfocada na oferta dun bó servizo gastronómico integral, que prime a importancia do produto de cercanía e de calidade e ampliar a oferta gastronómica, máis que potenciar os servizo de cafetería case exclusivamente como se viña a facer.

Segundo estes criterios e tomando como referencia que soamente hai unha empresa para a súa valoración, non se procede a puntuación, cinguíndome ao análise do cumprimento dos aspectos técnicos redactados na memoria de explotación da empresa Carmen Martín Jiménez aos requisitos esixidos no Prego de Cláusulas administrativas e Prescricións Técnicas.

O que se eleva a Mesa de Contratación para os efectos oportunos”.

En virtude do exposto e en atención ao informe da Axente de Desenvolvemento Local, os membros da Mesa de Contratación **acordan**, por unanimidade, outorgarlle unha puntuación de **30 puntos** á Documentación Técnica achegada por D^a. Carmen Martín Jiménez.

Acto seguido, pola Mesa de Contratación se procede, ao acto público de apertura dos Sobres nº 3 “Oferta Económica” da licitadora admitida no procedemento.

Dito acto comeza coa lectura, polo Secretario da Mesa, da cláusula 12.2 das do prego de cláusulas administrativas particulares referida aos criterios de obxectivos da avaliación co seguinte resultado.-

- Oferta **un prezo/anual fixo** de 7.200,00.-€ aos que habería que engadir 1.512,00.-€ en concepto de IVE (21%) o que fai un total ascendente de 8.712,00.-€
- Oferta **un desconto sobre prezo de tarifa** do 10%.
- Oferta **un investimento complementario** en equipamento e/ou instalacións de 1.000.-€/ano.
- Oferta **unha porcentaxe de prezo variable** do 5%.

La que logo, a oferta presentada por D^a. Carmen Martín Jiménez foi a única concorrente no procedemento os membros da Mesa de Contratación **acordan**, por unanimidade outorgarlle a máxima puntuación fixada para este criterio de **60 puntos**.

Por canto antecede, os membros presentes da Mesa de Contratación **acordan**, por unanimidade, propoñer á **D^a. Carmen Martín Jiménez** como adxudicataria do presente procedemento,



segundo o establecido na cláusula 13ª das do prego de cláusulas administrativas particulares, por ser a mellor oferta das concorrentes.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a reunión ás 14:20 horas, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O Presidente da Mesa,


O Secretario da Mesa,



A Concelleira de Trafico e Medio Rural,

A Concelleira de Cultura e Ensino,

A Interventora Xeral,



O Secretario Xeral,

O Técnico de Medio Ambiente,

A Axente de Desenvolvemento Local,